

## Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP por uns servizos sanitarios dignos para o interior galego.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal Por Chantada-CUP, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á ***Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP por uns servizos sanitarios dignos para o interior galego.***

**A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Non dicimos nada novo se reafirmamos o noso compromiso cos servizos públicos e por un interior galego vivo. Foron variadas as iniciativas nos ámbitos dos servizos públicos que defendemos nos últimos 4 anos (ensino, SAF, sanidade...) e sempre desde unha óptica afastada do localismo. Canto a sanidade, estas son algunhas das propostas e actuacións que desenvolvemos:

- Acompañamos e saudamos, por exemplo, a exemplar loita da plataforma *Chantada quere pediatría*, que relegaba ás nosas crianzas a unha deficiente atención<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> A última acción neste sentido data de 08/10/2019: “Por Chantada-CUP exige á Xunta da Galiza unha cobertura pediátrica digna para o noso Concello”, dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2019/10/nota-imprensa-por-chantada-cup-8-de-outubro-de->

- O 15 de setembro de 2015 formulamos, no pleno, *Moción de Por Chantada-CUP para que o pleno de Chantada traslade á Xunta de Galiza que se cubra de forma estábel unha praza de pediatría no Hospital de Monforte de Lemos*<sup>2</sup>.
- No Pleno do 18 de xaneiro de 2016, defendemos a *Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP en defensa da sanidade pública e para un servizo digno e universal no ambulatorio de Chantada*<sup>3</sup> e mesmo a cuestión das ambulancias chegara, a instancia nosa, ao Parlamento galego<sup>4</sup>.
- No pleno de maio de 2016 defendemos a *Moción para a adopción de medidas urxentes no centro de saúde*, que formulamos conxuntamente co PSOE dada a urxencia e importancia do nela exposto<sup>5</sup>.
- O 4 de xullo de 2016, presentamos a *Moción de Por Chantada-CUP para a posta en marcha do Consello de saúde de área de Monforte de Lemos*<sup>6</sup>.

---

[2019.pdf](#) (última consulta 15/12/2019).

- 2 Dispoñíbel en <https://porchantada.wordpress.com/2015/07/31/mocion-de-por-chantada-cup-para-que-o-pleno-de-chantada-traslade-a-xunta-de-galiza-que-se-cubra-de-forma-estabel-unha-praza-de-pediatria-no-hospital-de-monforte-de-lemos/> (última consulta 15/12/2019). Aprobouse por unanimidade.
- 3 “Moción do Grupo Municipal Por Chantada-CUP en defensa da sanidade pública e para un servizo digno e universal no ambulatorio de Chantada”. Dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/01/mocic3b3n-en-defensa-da-sanidade-pc3bablica-e-do-centro-de-sac3bade-de-chantada.pdf> (última consulta 15/12/2019). Aprobada con unanimidade con emendas: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/01/mocic3b3n-centro-de-sac3bade-de-chantada-aprobada-por-unanimidade-con-enmendas.pdf> (última consulta 15/12/2019).
- 4 As cuestións formuladas pola deputada Consuelo Martínez poden consultarse na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/01/ambulancias-chantada.pdf> (última consulta 15/12/2019).
- 5 “Moción para a adopción de medidas urxentes no centro de saúde de Chantada”, dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/05/mocic3b3n-para-medidas-centro-de-sac3bade-chantada.pdf> (última consulta 15/12/2019). A moción foi rexeitada por 6 votos de Inta, a abstención do PP (1) e os votos favorábeis de Por Chantada e o PSOE (4).
- 6 “Moción de Por Chantada-CUP para a posta en marcha do Consello de saúde de Área de Monforte de Lemos.” dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/07/mocic3b3n-de-por-chantada-consellos-de-sac3bade1.pdf> (última consulta 15/12/2019). A moción foi rexeitada por Inta (6), apoiada desde Por Chantada e o PSOE (4) e contou coas abstencións do PP (2).

- A No Pleno ordinario de xaneiro de 2017 defendemos a *Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP relativa á restitución do acceso universal ao sistema estatal de saúde e plano de choque contra a exclusión no Concello de Chantada*<sup>7</sup>.
- Tamén erguemos a voz contra a supresión da área sanitaria de Monforte de Lemos, xa que apresentamos alegacións á *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde da Galiza*<sup>8</sup>.

Sirvan as anteriores, pois, de exemplos da continuada preocupación por manter uns servizos públicos dignos e de calidade no interior galego e nos permiten sermos cidadáns cunha calidade de vida satisfactoria en todos os planos e pór couto ás continuadas discriminacións e abandono que padece o interior galego.

No entanto, a pesar das nosas propostas, quen ostentan o poder teiman en degradar a sanidade pública, nomeadamente sensíbel esta cuestión nos PAC do interior ou en hospitais como os de Monforte de Lemos, Valdeorras ou Verín.

**O artigo 43 da Constitución recolle o dereito á protección da saúde**, indicando que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

**Na Galiza, o Estatuto de autonomía (1981) no seu artigo 33** indica que corresponde á Galiza o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

---

7 “Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP relativa á restitución do acceso universal ao sistema estatal de saúde e plano de choque contra a exclusión no concello de Chantada.”. Dispíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2017/01/restitucic3b3n-do-acceso-universal-ao-sistema-estatal-de-sac3bade-e-plano-de-choque-contra-a-exclusic3b3n-no-concello-de-chantada.pdf> (última consulta 15/12/2019). A moción foi rexeitada por 9 votos (Inta e PP) fronte a 4 (Por Chantada e PSOE).

8 “Alegacións ao anteproxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde da Galiza. Dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2017/08/alegacic3b3ns-anteproxecto-lei-supresic3b3n-c3a1rea-sanitaria-monforte.pdf> (última consulta 15/12/2019).

A axeitada asistencia sanitaria é un servizo esencial que debe defenderse para que á veciñanza do rural, nomeadamente do rural do interior galego, e, daquela, existe a garantía de **igualdade entre todos os territorios e cidadáns**.

Así, desde Por Chantada-CUP, acompañamos a multitudinaria loita do rural ourensán en **defensa do hospital de Verín**, como levamos anos defendendo o hospital de Monforte progresivamente sometido a recortes e medidas contrarias a unha sanidade pública, galega e universal. O 22 de novembro de 2019, o xerente da EOXI de Ourense, Félix Rubial anunciaba ao persoal do Hospital Comarcal de Verín que, con data 1 de decembro, se fechaba a unidade de partos, pasando a ser o hospital público de referencia a 70 quilómetros de distancia. Medios de comunicación e mesmo forzas da oposición esqueceron unha nova que saíra en abril: Chaves contaría cun hospital privado que forneceria este e outros servizos e en cuxo capital participan as elites oligárquicas ensarilladas no poder político<sup>9</sup>.

Un procedemento máis axeitado da *Cosa Nostra* ca de institucións democráticas que din defender un estado social de dereito. O feche da sala de partos constitúe un acto de violencia institucional fronte ás mulleres, coincidindo precisamente co 25 de novembro. Tardamos poucos días en ver as consecuencias da mingua da calidade asistencial nun momento tan delicado para a mai e a crianza<sup>10</sup>.

Para completar o cadro de irregularidades, os supostos informes técnicos que fundamentaron a decisión seguen, a día de hoxe, sen coñecerse nen por parte do persoal, malia solicialos, nen aos grupos da oposición no Parlamento da Galiza. Mesmo, José Manuel Baltar e varios alcaldes do PP afirmaron que o do feche é un «cenario que hai que reverter»<sup>11</sup>.

---

9 “La localidad fronteriza de Chaves tendrá un hospital privado” in *La Voz de Galicia*, 24/04/2019. Disponível en [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/2019/04/24/chaves-tendra-hospital-privado/0003\\_201904O24C7991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/2019/04/24/chaves-tendra-hospital-privado/0003_201904O24C7991.htm) (última consulta 15/12/2019).

10 “Parto de urxencia en Verín tras o peche do paridoiro” in *Praza Pública*. Disponível en <https://praza.gal/acontece/parto-de-urxencia-en-verin-tras-o-peche-do-paridoiro> (última consulta 15/12/2019).

11 “Baltar advierte del ‘clamor unánime’ contra el cierre del paritorio de Verín, ‘un escenario que hay que revertir’ ” in *Europa Press*. Disponível en <https://www.europapress.es/galicia/noticia-baltar-advierte-clamor-unanime-contra-cierre-paritorio-verin-escenario-hay-revertir-20191212161248.html> (última consulta 15/12/2019).

Porén, baséanse en interpretacións terxiversadas de recomendacións para pechar a maternidade, cando non existe ningún documento nin evidencia científica que avale o feche dun servizo tal e como propoñen, a teimosía das autoridades sanitarias da Xunta continúa, prescindindo destes servizos amparándose en razóns non contrastadas e que suporán o traslado a outros hospitais do persoal que atende a sala de partos, aínda que o resto dos servizos asistenciais de atención á xestación queden no propio hospital de Verín.

Non parece de recibo que esta decisión non fose consultada coas mulleres ás que vai afectar e tampouco é aceptábel a escasa marxe de tempo coa que a xerencia comunicou a decisión ao persoal do Hospital. Tampouco é entendíbel a supresión e non cobertura da praza de pediatría que impide o acompañamento das mulleres no momento do parto até Ourense, posto que non hai agora mesmo ningún profesional pediátrico que nunha situación de emerxencia poda acompañar as crianzas, nen as súas mulleres, entre outras supresións de servizos.

Esta decisión de feche de servizos en comarcas rurais vai no senso contrario do equilibrio territorial e da blindaxe dos dereitos socio-sanitarios da poboación galega, viva onde viva. É antítese da nosa loita por un interior galego vivo.

A Xunta debe explicar as razóns de dita decisión, así como as consecuencias socio-sanitarias que vai ter esta decisión para a Comarca de Monterrei, especialmente para as mulleres xestantes. Debe explicar tamén a Xunta as motivacións reais que amparan o sucesivo desmantelamento da Sanidade Pública e perda de servizos no medio rural que impide á poboación ter servizos de calidade preto das súas casas, cando na mesma medida pagan e contribúen cos mesmos impostos con independencia de onde vivan.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal Por Chantada-CUP propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

**1.- Instar á Xunta da Galiza a promover que a Consellaría de Sanidade dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza, nomeadamente dos**

**servizos da sala de partos, así como a actividade asistencial relacionada co embarazo, pre e posparto.**

**2.- Instar á Xunta da Galiza a manter ás profesionais vinculadas á unidade de partos e ampliar os recursos humanos en enfermaría obstétrico-xinecolóxica e enfermaría pediátricas, así como de profesionais da medicina pediátrica en todo o país.**

Asinado en Chantada, a 19 de decembro de 2019.